

## 07 relación universidade-empresa

Ao longo do ano 2006 rematouse a estruturación da área de Relación Universidade-Empresa tal como se contemplaba no programa electoral e logo da publicación da Resolución reitoral do 24 de maio de 2005 en que se fixaban as competencias propias da área de Relación Universidade-Empresa que fundamentalmente son:

- A xestión dos centros tecnolóxicos da Universidade.
- A xestión dos programas de autoemprego, de orientación laboral, de emprendedores e de viveiro de empresas.
- O apoio e a promoción da capacitación para a inserción laboral do alumnado, así como a información e a orientación para a transición ao ámbito laboral.

A área de Relación Universidade-Empresa queda así configurada cos seguintes servizos:

- Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)
- Servizo de Apoyo ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE)
- Observatorio Ocupacional

Tamén desta área dependen a xestión dos centros tecnolóxicos da Universidade: Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC), Centro de Investigacións Tecnolóxicas (CIT-Ferrol), Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e das Comunicacións (CITIC) os viveiros de empresas de base tecnolóxica da UDC e o programa de cátedras de empresa.

### ► Parque Tecnolóxico

O desenvolvemento do Parque Tecnolóxico é un dos principais aspectos do futuro da UDC, tal como se dispón no Plano Estratégico da UDC para o período 2005-2010.

A idea base do parque é definir un espazo compartido en que as iniciativas públicas e privadas de I+D+i poidan colaborar de xeito coordinado. Deste xeito, desde a UDC ofrécese protección física á relación Universidade-Empresa a

través da creación de centros tecnolóxicos altamente equipados e facilitando espazos axeitados para que calquera iniciativa privada de I+D+i se poña en contacto con aqueles grupos da UDC que poidan ser do seu interese.

Ao longo de 2006 rematouse o deseño tanto da estrutura societaria como dos contidos do parque.

Para xestionar o Parque Tecnolóxico e vertebrar o seu desenvolvemento e mais a súa expansión, a UDC constituiu unha sociedade mercantil denominada Parque Tecnolóxico da UDC, S.L.

Constituíronse tamén as seguintes sociedades mercantís:

- Sociedade Xestora do Centro de Innovación Tecnolóxica e Enxeñaría Civil, S.L.
- Sociedade Xestora do CIT, S.L.
- Sociedade Xestora do Centro de Investigación en Tecnoloxías da Información e Comunicación, S.L.

Tras o inicio das actividades, o 23 de maio asináronse os convenios de colaboración entre a UDC e as sociedades xestoras do CITEEC e do CIT. A través da sociedade do CITEEC realizáronse tres contratos por unha cantidade total de 87.592 € e a través da sociedade do CIT executáronse traballos de asistencia técnica por valor de 9.632 €.

En 2006 asináronse os seguintes convenios relacionados coas actividades do parque:

- Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para elaborar un estudo sobre a viabilidade de creación dun centro/s con competencias no sector da enxeñaría naval e no plástico en Galicia (11/05/2006).
- Convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para a elaboración de estudos sobre a viabilidade de creación dun centro de innovación tecnolóxica para a terceira idade e colectivos de persoas dependentes e a ampliación do CITEEC e do CITIC (15/11/2006).
- Protocolo xeral polo que se establece a colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e a Universidade da Coruña para promover un viveiro de empresas TIC (18/10/2006).
- Convenio entre a Consellería de Educación, a Consellería de Política Territorial, o Concello da Coruña e a UDC para expropiar terreos destinados ao Parque Tecnolóxico da UDC.

O Parque Tecnolóxico foilles presentado ao presidente da Xunta de Galicia e á conselleira de Educación durante a visita que fixeron aos terreos do parque, ao CITIC e ao CITEEC o 3 de novembro de 2006.

Así mesmo, o Parque Tecnolóxico foi presentado ao Consello Social da Universidade na sesión ordinaria do día 6 de novembro de 2006.

## ► Viveiro de Empresas de Base Tecnolóxica

O 25 de abril a Comisión de Avaliación das Empresas de Base Tecnolóxica do Viveiro de Empresas da UDC resolveu seleccionar as empresas Fismare Innovación para la Sostenibilidad S.L., Trabe Soluciones S.L. e Invesga para incorporalas ao viveiro. Tamén se acordou considerar como empresa de base tecnolóxica a Cardionova, áinda que sen ocupar espazo no viveiro.

O 17 de novembro a comisión seleccionou a empresa Ilux Visual Technologies para a inxcorporar ao viveiro.

Baixas de empresas do viveiro:

O 25 de abril a comisión non avaliou positivamente o plano de empresa presentado polas empresas P3 e Agroambiental, polo que causaron baixa no viveiro.

O 1 de outubro finalizaron o seu prazo máximo de dous anos de estadía no viveiro as empresas: Lambdastream, Nomasytems S.L., CRM Solintec Enxeñaría e Innovación, S.L. e Enxenio S.L., polo que causaron baixa no viveiro.

Programa Empresa-Concepto: deste programa, en que participan as tres universidades do sistema galego, beneficiáronse no ano 2006 dúas empresas promovidas pola UDC: CRM Solintec e Health in Code (antes Cardionova).

A información relativa ao Viveiro de Empresas está incluída na páxina web da OTRI. A composición do Viveiro de Empresas da Universidade a 31 de decembro de 2006 era a seguinte:

### — **Fismare. Innovación para la Sostenibilidad, S.L.**

Consultoría estratéxica en xestión integral de recursos naturais e ecosistemas, especialmente pesquerías e zona costeira, consultoría en organización de comunidades de usuarios, xestión de procesos participativos para a toma de decisións, desenvolvemento de ferramentas de monitorización e xestión ambiental, comercialización de produtos pesqueiros (análise de mercados, deseño de estratexias e operativa) ou aplicación de sistemas de información xeográfica e teledetección.

### — **Trabe Soluciones S.L.**

Trabe Soluciones é unha empresa que desenvolve a súa actividade no eido do desenvolvemento de aplicacións informáticas, da consultoría e da formación en tecnoloxías da información. Nas súas actividades, Trabe Soluciones, emprega métodos de traballo innovadores que combinan metodoloxías áxiles de desenvolvemento con tecnoloxías *open source* de última xeración.

### — Invesga

Esta iniciativa empresarial pretende ofrecerlle ao mercado unha empresa especializada no sector da análise química co obxectivo de prestar asesoramento científico sobre a caracterización e análise de produtos, materias primas e residuos, tanto polas necesidades dunha producción de calidade como pola protección do medio ambiente, así como transferir coñecemento para implantar, desenvolver e mellorar metodoloxías de análise en laboratorios.

### — ILUX Visual Technologies

Ilux Visual Technologies é unha empresa dedicada á industrialización e comercialización de resultados de investigación, en forma de componentes, produtos e know-how derivados de diversos proxectos de investigación desenvoltos fundamentalmente no grupo Videalab da Universidade da Coruña. Entre as liñas principais de actividade destaca o desenvolvemento de servizos interactivos, aplicacións e sistemas visuais de información xeográfica ou a xeración de contidos visuais mediante computado, simulación, animación 3D e realidade virtual.

### — Health in Code S. L. (non ocupa praza no viveiro)

Health in Code, S.L. é unha empresa de base tecnolóxica que xurdira como unha spin-off da UDC a partir do grupo de investigación Grincar desta universidade e que integra entre os sus promotores a investigadores da Universidade de Santiago e do Heart Hospital de Londres. Desenvolve e comercializa produtos diagnósticos con utilización de ferramentas propias da bioloxía molecular, en especial para enfermidades cardiovasculares.

## ► Transferencia de resultados da investigación

No ano 2006, a través da Oficina de Transferencia de Resultados da Investigación, OTRI (<http://otri.udc.es/>), tramitáronse tres patentes e oito rexistros de software. Recibiuse notificación da concesión de tres novas patentes tramitadas en anos anteriores. Cómpre salientar a sinatura dun acordo de confidencialidade entre a UDC e unha empresa alemá para a explotación dunha patente.

**Cadro 59**  
**Patentes tramitadas no ano 2006**

Título	Inventores
Procedemento e dispositivo de captura e análise de vibracións mecánicas	Ramón Ferreiro García Fco. Javier Pérez Castelo Andrés Piñón Pazos
Procedemento e dispositivo de medida de inclinación de dous graos de liberdade	Ramón Ferreiro García Fco. Javier Pérez Castelo Andrés Piñón Pazos
Procedemento para a identificación das especies de navallas comerciais <i>Ensis Arcuatus</i> , <i>E.Siliqua</i> , y <i>E. directus</i> , mediante PCR e análise RFLP do espaciador do ADN ribosómico 5S	Josefina Méndez Felpeto Juan Fernández Tajes José Baldomero García Gil


**Cadro 60**  
**Rexistros de software tramitados en 2006**

<b>Título</b>	<b>Inventores</b>
HidrSed: un modelo numérico bidimensional de cálculo da hidrodinámica e o transporte de sedimentos en cauces aluviais de ríos e canles utilizando o método dos volumes finitos.	Enrique Peña González Jerónimo Puertas Agudo Jaime Miguel Fe Marqués
Software de identificación, simulación e comparación de espectros de emisión – SALIBS	Ginés Nicolás Costa Víctor Piñón Hermida María de la Paz Mateo Orenes
TURBILLO. Modelo numérico para a simulación do fluxo turbulento pouco profundo en lámina libre	Luis Cea Gómez Jerónimo Puertas Agudo María Elena Vázquez Cendón
Gráficos de control para variables XR	José Antonio Orosa García Evaristo Rodríguez Suárez Álvaro Baaliña Ínsua
Gráficos de control para atributos (P)	José Antonio Orosa García Evaristo Rodríguez Suárez Álvaro Baaliña Ínsua
TeleCognitio	José Carlos Millán Calenti Aránzazu Balo García Fernando Díaz Gestal Ana López Fraga Isabel González-Abraldes Iglesias
Geroges	José Carlos Millán Calenti Fernando Díaz Gestal Matías Villanueva Sampayo
Telexerontoloxía	José Carlos Millán Calenti Fernando Díaz Gestal Matías Villanueva Sampayo


**Cadro 61**  
**Patentes concedidas no ano 2006**

Título	Data de solicitud	Inventores	Data de concesión
Dispositivo e procedimento para a determinación experimental das características adherentes das armaduras activas e pasivas	23.08.2002	Fernando Martínez Abella Cristina Vázquez Herrero	16.05.2006
Composto para a eliminación e recuperación de chumbo en augas residuais e potables	11.08.2003	Andrés de Blas Varela Mª Teresa Rguez. Blas Fernando Avecilla Porto Carlos Platas Iglesias David Esteban Gómez	01.08.2006
Sistema de medición de caudal de tipo laminar	20.03.2003	Fernando López Peña Álvaro Deibe Díaz	16.12.2006

**Cadro 62**  
**Evolución de patentes solicitadas e concedidas**



**Cadro 63**  
**Evolución de software rexistrado**




#### ■ Proxectos europeos

No marco do proxecto Europyme (creación do servizo Europyme para a promoción, fomento e a coordinación de proxectos europeos), financiado polo Ministerio de Educación e Ciencia, realizáronse as seguintes actividades:

- Xestión da xustificación dos proxectos europeos vixentes
- Asesoramento e apoio na presentación de solicitudes de 9 proxectos europeos, dos que 6 foron concedidos e 3 foron denegados
- Envío de información das convocatorias abertas, premios, bolsas etc. de forma selectiva (por áreas de investigación) e asesoramento personalizado para os investigadores que o solicitaren
- Procura de socios para proxectos de investigación con empresas europeas, a través da axencia PYMERA
- Redacción do Boletín Mensual sobre a Investigación e a Innovación na Unión Europea, accesible na páxina web europea da OTRI ([http://www.otri.udc.es/PAB\\_principal.html](http://www.otri.udc.es/PAB_principal.html))
- Organización de catro xornadas dirixidas a formar a investigadores e pemes sobre as posibilidades de participación en proxectos europeos e plataformas tecnolóxicas
- Organización dun ciclo de sesións informativas en diferentes centros da UDC sobre o VII Programa marco de investigación e desenvolvemento da Unión Europea

**Cadro 64**  
**Evolución de proxectos europeos do programa Europyme**



#### ■ Outras accións da OTRI

- No ano 2006 a OTRI participou en nove xornadas de difusión da oferta investigadora da UDC, a través de xornadas sectoriais, feiras científicas etc.
- Organizou ou participou na organización de cinco xornadas informativas co obxectivo de dar a coñecer as diferentes axudas á investigación e fomentar a participación de empresas e grupos de investigación.
- Editou tres folletos divulgativos coa oferta tecnolóxica da UDC en tres sectores determinados (tecnoloxía da auga, acuicultura e sector naval) e 13 dípticos divulgativos específicos dalgúns grupos de investigación.
- A OTRI adheriuse con outras OTRI españolas a un proxecto de avaliación de tecnoloxías denominado Red Valor, que conta co apoio financeiro do Ministerio e que pretende establecer un mecanismo de avaliación externa do potencial de mercado dos resultados de investigación. A iniciativa foille presentada aos grupos e unidades relacionados coas áreas obxecto da convocatoria (sector químico e TIC) e iniciouse a avaliación de catro tecnoloxías propostas polos investigadores.
- A OTRI UDC, en colaboración coas OTRI das outras universidades galegas e do CSIC, participa no proxecto Plano de actuación coordinado da rede de organismos de interface do sistema público de Galicia, financiado pola Xunta de Galicia e o Ministerio de Educación e Ciencia, e que ten por obxectivo a consolidación e fortalecemento das funcións das OTRI do contorno científico galego.
- Participación no proxecto *Plan de actuación coordinado para el afloramiento de oportunidades tecnológicas en la provincia de A Coruña*, xunto co Instituto Tecnolóxico de Galicia, e financiado polo Ministerio de

Educación e Ciencia. Este proxecto está relacionado coa proxección tecnolóxica da investigación da UDC en empresas do sector da construcción en Galicia.

- Como en anos anteriores, a OTRI coordinou as actividades que se realizaron na Universidade da Coruña co motivo da Semana da Ciencia en Galicia 2006.

### ► Cátedras de empresa

**Cátedra Fundación Caixa Galicia.** O seu obxectivo é prestar apoio específico á difusión de actividades relacionadas coa creación de empresas de base tecnolóxica, ao establecemento de mecanismos que faculten a transferencia de tecnoloxía entre a UDC e as empresas, ao impulso á incorporación dos licenciados da UDC no tecido empresarial e á presenza efectiva da UDC en parques empresariais, tecnolóxicos e iniciativas semellantes.

**Cátedra de Responsabilidade Social Corporativa Inditex.** O seu obxectivo é a organización e difusión de actividades relacionadas coa Responsabilidade Social Coorporativa, entendida como o compromiso das diferentes actores e institucións sociais de aplicar criterios de bo goberno corporativo, de desenvolvemento social sustentable e solidario e de protección do medio ambiente.

**Cátedra Bioibérica.** Os seus obxectivos fundamentais son realizar e difundir traballos de investigación sobre Enxeñaría Tisular e a nivel da cartilaxe dentro da área de Patoloxía Ostearticular.

**Cátedra de Empresa Familiar,** en colaboración con Caixanova, Inditex, Asociación Gallega de la Empresa Familiar e o Instituto da Empresa Familiar. Os seus obxectivos son a análise, a investigación e a docencia da realidade, da problemática e da perspectiva da empresa familiar desde todos os puntos de vista que se entenden relevantes. Ocúpase de desenvolver o programa formativo e as tarefas de investigación que contribúan a melloraren a formación do alumnado nesta materia.

### ► Observatorio Ocupacional

- O Observatorio Ocupacional (<http://www.observatorio.udc.es/>) presentou en marzo os resultados do estudo de inserción laboral dos titulados da Universidade da Coruña entre os anos 1999 e 2004. Para realizar o dito estudo enquisáronse 4.742 titulados.
- Estudo da inserción no 2004-2005: En xuño comezouse a enquisar os universitarios que remataran no curso 2004/2005. A poboación total (titulados desde o curso 1999-2000 até o 2004-2005) é de 17.891 persoas e fanse 5.871 enquisas (32,82%)

- **Estudo da inserción laboral na comarca do Eume.** En outubro de 2006 chegouse a un acordo coa Consellería de Traballo para realizar un estudo dos desaxustes entre educación e emprego na comarca do Eume. Para principios de 2007 está previsto ter unha imaxe real da situación nos seguintes municipios: As Pontes de García Rodríguez, A Capela, Cabanas, Pontedeume e Monfero. O Observatorio Ocupacional conta con catro bolseiros para este proxecto.

A poboación total (mozos de 16 a 34 anos) é de 7.849 persoas e fixérонse 450 enquisas (5,73%). Canto ás empresas, a poboación total é de 425, o número de enquisas realizadas foi de 131 (30,82%)

- **Desenvolvemento de software:** Deseñouse unha nova enquisa que reduce o tempo medio por persoa a quen lle preguntaron nun 50%, de xeito que se obteñen o mesmo número de variables. Tamén se deseñou, para a aplicación de procesado de datos, un módulo de sorteos que facilita a mostra da poboación de titulados da Universidade.
- **Proxecto ANECA - REFLEX:** Este proxecto ten como obxectivo coñecer a situación dos universitarios españois que finalizaron os seus estudos no ano 1999. Nun principio, estimouse que para a Universidade da Coruña sería necesario enquisar 360 titulados. Logo de levar a cabo o primeiro reconto, cumpriu realizarles unha submostraxe a 90 titulados máis para completar a mostra obxectivo inicial.
- Proxecto de inserción laboral dos servizos de emprego. Este proxecto persegue homoxeneizar na medida do posible as bases de datos dos servizos de emprego de 42 universidades de toda España. + En decembro de 2006 púxose en funcionamento o portal de prácticas para o alumnado da Universidade da Coruña (<http://www.emprego.udc.es>). Con esta ferramenta, preténdese unificar nunha mesma aplicación a xestión das prácticas que se realizan a través dos distintos centros. Para promocionar o portal, o Observatorio Ocupacional impartiu cursos ás persoas responsables das prácticas das facultades e escolas os días 19 e 20 de outubro.
- Asináronse convenios de colaboración coa Universidad de Panamá, coa Universidad Autónoma de Centro América e coa Cámara de Comercio Navegación e Industria da Coruña.

#### Cadro 65 Financiamento externo do Observatorio Ocupacional en 2006

AECI Costa Rica	9.000 €
AECI Panamá	13.700 €
Consellería de Innovación e Industria	68.425 €
Consellería de Traballo	12.000 €
<b>Total</b>	<b>103.125 €</b>

## ► Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE)


O Servizo de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego (SAEE) consta de dúas áreas: Asesoramento para o Autoemprego e Orientación Laboral.

### ■ Asesoramento para o Autoemprego


(<http://www.udc.es/sape/autoemprego/> )

En 2006 os axentes de emprego atenderon satisfactoriamente 191 solicitudes de información e de asesoramento. A temática destas consultas foi moi variada: un 48% das solicitudes de información atendidas foi sobre formas xurídicas ou trámites administrativos á hora de montar un negocio. Un 52% das consultas foi sobre axudas e subvencións, sobre todo para o apoio ao emprego autónomo e a chamada economía social.


**Cadro 66**  
**Solicitudes de información atendidas no SAEE**



**Cadro 67**  
**Usuarios/as do Servizo de Autoemprego en 2006 por ámbitos**




**Cadro 68**  
**Proxectos asesorados/empresas creadas. 2001-2006**



O número de proxectos novos de creación de empresas atendidos durante o 2006 foi de 57. Houbo 67 novos usuarios. Destes proxectos, o 47% converteuse en empresa ao longo deste ano e o 5% está en trámites de constitución.

**Cadro 69**  
**Titulacións nas empresas creadas en 2006**




No referente aos tipos de empresas que se crearon, a variedade é moi grande (consultoras, empresas de enerxías renovables, clínica podolóxica, axencia de viaxes...). Destacan os estudos de arquitectura, as clínicas de fisioterapia e os gabinetes de deseño industrial e desenvolvemento de software. Hai tamén un gran número de pequenos comercios.

No ano 2006, no que respecta ás Iniciativas de Emprego de Base Tecnolóxica (lebt's), que son a principal liña de axuda por parte da Xunta de Galicia para apoiar este tipo de proxectos, presentáronse catro proxectos susceptibles de

se cualificar como lebt, e finalmente recibieron a cualificación por parte da Xunta dous deles. Houbo un pequeno descenso no número de proxectos presentados motivado porque finalizou o programa de axudas correspondente ao período 2000 - 2006, e ante a incerteza de que o vindeiro ano non teñan axudas, moitos emprendedores non contemplaron a idea de solicitaron a cualificación do seu proxecto como lebt (trámite previo á solicitude das axudas).

**Cadro 70**  
**Evolución do número de proxectos do programa IEBT'S**



Das accións de formación realizadas polo servizo beneficiáronse un total de 95 persoas emprendedoras que viron ampliados os seus coñecementos tanto na elaboración do plano de empresa como na xestión da súa empresa durante os primeiros anos.

O servizo participou no Día do Emprendedor en Galicia, en que colaboraron un total de 2000 estudiantes, tanto na difusión do evento no ámbito da universidade como participando no mesmo, así como no Foro Galego do Emprendemento, unha nova iniciativa do Instituto Galego de Promoción Económica para os emprendedores.


### ► Orientación Laboral

O número de usuarios ou visitas que recibimos no Servizo (<http://www.udc.es/sape/laboral/>) foi de 3.484, cifra onde englobamos novos usuarios e usuarios que repiten visita en varias ocasións. Obsérvase unha tendencia ascendente en todas as actividades do servizo.


Do mesmo xeito, temos un total de 438 ofertas de emprego. En resposta a estas ofertas, enviáronse ás devanditas empresas un total de 1.171 currículos das titulacións demandadas, o que duplica os enviados en anos anteriores.

O número de convenios de cooperación educativa directamente xestionados por este servizo foi de 89. Realizáronse un total de 106 prácticas en empresas, xa que nalgúns casos repiten convenio ou ampliaron as condicións.

Cadro 71  
Evolución do número de usuarios do Servizo de Orientación Laboral



Cadro 72  
Evolución das ofertas recibidas no Servizo de Orientación Laboral



Cadro 73  
Evolución do número de convenios de cooperación educativa

